

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 11 de febreiro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.37 horas do día once de febreiro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario Accidental, Sr. Calviño Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, o titular da Asesoría Xurídica, non asistíu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(135).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(136).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A TENENCIA DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE VIGO E SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL S.L. PARA A ORGANIZACIÓN DE PROXECTOS DE PROMOCIÓN DA CIDADE E DA HÍPICA, COMO O “GRAN PREMIO CIDADE DE VIGO DE HÍPICA” E O “BAUTISMO

HÍPICO, DE FORMA COMPLEMENTARIA Á CELEBRACIÓN DA COPA DO MUNDO DE HÍPICA 2011. EXPTE. 1395/107.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, do 17.01.2011, conformado polo Tenente de Alcalde, co informe do letrado asesor do 4.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 8.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar o texto do convenio, entre a Tenencia de Alcaldía do Concello de Vigo e Servicios Hípicos Hipigal SL, para a organización de proxectos de promoción da cidade e da hípica e de interese do Concello de Vigo, como son o “Gran premio Cidade de Vigo de Hípica” e o “bautismo hípico”, de forma complementaria a celebración da Copa do Mundo de Hípica 2011, que se vai desenvolver entre os días 10-13 de febreiro e que se achega con este expediente, cunha aportación dende Tenencia de Alcaldía de 125.000,00 €, con cargo a partida 1112.227.06.02 do vixente orzamento.

Segundo: Aprobar e dispoñer do gasto de 125.000,00€ con cargo á partida: “1112.227.06.02 Convenio e programas Tenencia de Alcaldía”, por importe de 125.000,00€ a favor da entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L., CIF: B-36873354 e con enderezo social na rúa CM Roade, 72, en Vigo 36208. O pagamento realizarase na conta 2091-0511-35-3040028470.

Terceiro: Habilitar o Tenente de Alcalde, D. Santiago Domínguez Olveira, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE A TENENCIA DE ALCALDIA DO CONCELLO DE VIGO E “SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL. SL” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CIDADE CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA COPA DO MUNDO DE HIPICA, DO 10-13 DE FEBREIRO DE 2011.

No Concello de Vigo, con data de de 2011.

Por parte do Concello de Vigo:

- O** D. Santiago Dominguez Olveira, na súa calidade de Tenente de Alcalde, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Por parte da Entidade Servicios Hípicos Hipigal:

- O** D. Manuel María Fernández de Sousa-Faro, como representante legal de Servicios Hípicos Hipigal S.L, CIF nº B-36873354 e enderezo social na rúa CM Roade, 72, en Vigo 36208; representación que resulta da escritura pública de 30 de xuño de 2000, autorizada polo Notario de Vigo Don Mariano Vaqueiro Rumbao, co número 1527 de orde do seu protocolo, que figura na documentación do expediente núm. 1395-107.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a proba do Campionato do Mundo Hípico de salto de Obstáculos que se vai celebrar en Vigo entre o 10 e o 13 de Febreiro de 2011, é unha das probas pertencentes ao Campionato do Mundo de saltos, que é a competición de maior importancia na modalidade, contando coa participación dos mellores xinetes e amazonas do mundo, e converténdose desta forma no referente da modalidade a nivel mundial na data de celebración, tanto para os afeccionados como para os visitantes da nosa cidade.

II.- Que Servicios Hípicos Hipigal S.L. é a entidade que ven organizando este Campionato de talla internacional en diferentes ocasións, cumprindo coas peculiaridades técnicas e especificidades a nivel organizativo do Campionato. Asemade Servicios Hípicos Hipigal S.L. é a única que ten a capacidade organizativa para desenvolver as actuacións previstas no seu proxecto e as autorizacións Internacionais.

III.- Que o Concello de Vigo está interesado no desenvolvemento dun programa de promoción da cidade a fin de:

- Promocionar a cidade de Vigo como sede de grandes espectáculos deportivos de carácter Internacional capaces de atraer a atención Internacional durante o desenvolvemento da competición. Este feito vai propiciar que a imaxe da cidade de Vigo como destino turístico, vacacional e de ocio deportivo se proxecte nun ámbito do panorama Internacional no que a cidade de Vigo ten que estar ubicada, cumprindo cun dos obxectivos principais da área de turismo do Concello de Vigo.
- Colaborar co desenvolvemento do comercio hostaleiro da cidade, na medida en que este campionato atrae a Vigo a unha gran cantidade de persoas relacionadas co entorno do campionato -montaxe das infraestruturas, participantes, equipos de apoio, medios informativos internacionais e o público en xeral que presenciara a proba destas características.
- Colaborar co pequeno comercio e os negocios de restauración da cidade coa chegada á cidade dunha gran cantidade de potenciais clientes vinculados directa ou indirectamente ó evento, participantes, equipos, medios de comunicación, público.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de promoción social e concretamente neste caso da Hípica, pola súa transcendencia na consecución dos obxectivos anteriormente citados.

A celebración da Copa do Mundo de salto de obstáculos de Hípica que se vai celebrar en Vigo os días 10 a 13 de febreiro, preséntase como un evento de gran importancia na consecución de tales obxectivos, resultando de interese e utilidade do Concello de Vigo, en canto que se insiren nos programas municipais de promoción da cidade.

IV.- As actuacións ás que se refire o presente convenio implican a necesidade dunha vinculación directa de Servicios Hípicos Hipigal, S.L. como entidade que ostenta a exclusividade da Federación Ecuestre Internacional para organizar esta proba da Copa do Mundo é ademais é a única que ten a capacidade organizativa para desenvolver as ditas actuacións e as autorizacións necesarias.

V.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese e a utilidade que para a cidade de Vigo representa a organización do Trofeo Cidade de Vigo e o Programa Bautismo Hípico, dado o interese turístico e de promoción da cidade que representan tales actuacións, o Concello de Vigo e a dita entidade

Servicios Hípicos Hipigal S. L., conveñen a súa colaboración na celebración do devandito evento deportivo a través do desenvolvemento do presente convenio en base os seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A entidade Servicios Hípicos Hipigal S. L. comprométese a colaborar coa Tenencia de Alcaldía do Concello de Vigo na organización por parte desta entidade dos proxectos “Gran premio Cidade de Vigo de Hípica” e o “Bautismo hípico”, e concretamente a:

1. Organizar o Gran Premio Cidade de Vigo de Hípica e as actividades de Bautismos hípicos, dentro do programa da Copa do Mundo de Hípica, nas datas do 10-13 de febreiro do 2011.
2. Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil, en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.
3. Facilitar o acceso a persoas con minusvalías físicas ao Recinto Feiral, tendo en conta a gratuidade para dito colectivo.
4. Todos os medios de promoción e difusión deberán empregar o galego como idioma cooficial do Concurso Hípico.
5. En todas as actividades que se desenvolvan dentro do Concurso Hípico, con independencia do patrocinio da actividade concreta de que se trate, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Tenencia de Alcaldía.

Segundo: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

1. Autorizar a organización do “Gran premio Cidade de Vigo de Hípica” e o programa “Bautismo Hípico” dentro do programa do CSI_ Copa do Mundo 2011 que organiza “Servicios Hípicos Hipigal, SL.” para a celebración do mesmo os días 10-13 de Febreiro do 2011.
2. Aboar a “Servicios Hípicos Hipigal, S.L.” dos gastos relacionados coa organización do Gran Premio Cidade de Vigo de Hípica e as actividades de bautismo Hípico por un importe de 125.000,00 € con cargo á partida: 1112.227.06.02 “Convenios e Programas da Tenencia de alcaldía”.
3. Previo ao aboamento o Servizo de Deportes, emitirá unha certificación sobre o desenvolvemento da actividade, e Servicios Hípicos Hipigal SL, xustificará documentalmente o total dos 125.000,00€ pola organización específica do Gran Premio Cidade de Vigo de Hípica e as actividades do bautismo Hípico.

Terceiro: O seguimento da execución do presente convenio será realizado pola Tenencia de Alcaldía, comprometéndose “Servicios Hípicos Hipigal, SL” a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización do referido Gran Premio Cidade de Vigo e Bautismo Hípico.

Cuarto: A Tenencia de Alcaldía aportará, no seu eido competencial, os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

Quinto: Crearase unha comisión mixta, na que participará un representante de Servicios Hípicos Hipigal S.L. , o Tenente de Alcalde e un técnico da tenencia de Alcaldía, e que quedará facultada para resolver posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste Convenio.

Sexto: A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate das actividades ás que se refire o presente convenio de colaboración, deberá xustificar a realización das devanditas actividades e aplicación

dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha memoria xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén o Trofeo Cidade de Vigo e o bautismo Hípico.

A documentación da memoria xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas e documentos xustificativos de valor equivalente, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.
- Nos documentos xustificativos dos gastos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a Tenencia de Alcaldía procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado a referencia ao presente convenio de colaboración e o seu obxecto e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a cantidade a recibir a virtude do convenio; indicándose neste caso o importe exacto que resulte imputado ao convenio. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a Tenencia de Alcaldía procederá á devolución do orixinal.

Tras a presentación desta memoria, que deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende a finalización da actividade realizada, o Coordinador da Tenencia de Alcaldía, procederá a emitir un certificado sobre a realización do evento e de conformidade coa memoria, previo ao pagamento dos 125.000,00€

Sétimo.- Servicios Hípicos Hipigal, S.L. deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou outros recursos que financien as actividades obxecto deste convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da suma da achega municipal e doutras axudas ou subvencións que Servicios Hípicos Hipigal, S.L. puidese recibir para a realización das ditas actividades non poderá superar o custe total destas; caso no que procederá a redución da achega municipal e, no seu caso, o reintegro do exceso.

Oitavo.- A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente para a realización da "Copa do Mundo de Salto de Obstáculos 2011", sen prexuízo do estipulado na cláusula sexta no referente ao período establecido para a xustificación do presente convenio.

Noveno.- Este convenio ten natureza administrativa rexéndose polas normas reguladoras do dereito administrativo e supletoriamente polo dereito privado.

As controversias que xurdan respecto deste convenio serán competencia dos tribunais do contencioso-administrativo.

Así o conveñen no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por triplicado o presente documento.

3(137).- CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO A TRAVÉS DA CONCELLERÍA DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E A ENTIDADE SERVIZOS HÍPICOS HIPIGAL, S.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “ACTIVIDADES CULTURAIS E FOLCLÓRICAS CON OCASIÓN DA CELEBRACIÓN DA COPA DO MUNDO DE HÍPICA 2011” NA CIDADE DE VIGO ENTRE O 10 E O 13 DE FEBREIRO DE 2011. EXPTE. 3928/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Animación Sociocultural, do 18.01.2011, conformado polo concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, co informe do letrado asesor do 8.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 8.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar a concesión directa desta subvención por un importe de 10.000 €, a Servicios Hípicos Hipigal SL, consonte co previsto no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e 19. 4. c) LSG, e autorizar e dispoñer o dito gasto con cargo a partida 3380.470.0000 “Transferencias empresas privadas”.

Segundo: Aprobar o texto do convenio que se achega, entre o Concello de Vigo e Servicios Hípicos Hipigal SL, para a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 € para coadjuvar á financiación da realización dun programa de actividades culturais dentro do evento da Copa do Mundo de Hípica, na modalidade de salto de obstáculos por parte de Servicios Hípicos Hipigal, S.L., que se vai desenvolver os días 10-13 de febreiro de 2011 e que se achega con este expediente.

Terceito: Habilitar ao Concelleiro de Animación Socio-cultural do Concello de Vigo, D. Xesús López Carreira, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO A TRAVES DA CONCELLERIA DE ANIMACIÓN SOCICULTURAL E A ENTIDADE SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL S.L PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “ACTIVIDADES CULTURAIS E FOLCLÓRICAS CON OCASIÓN DA CELEBRACIÓN DA COPA DO MUNDO DE HÍPICA 2011” NA CIDADE DE VIGO ENTRE O 10 E O 13 DE FEBREIRO DE 2011.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil once

REUNIDOS

Por parte do Concello de Vigo:

DI. D. Xesus López Carreira na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Por parte da Entidade Servicios Hípicos Hipigal:

- D. Manuel María Fernández de Sousa-Faro, en representación de Servicios Hípicos Hipigal S.L, CIF nº B-36873354 e enderezo social na rúa CM Moade, 72, en Vigo 36208, segundo resulta da escritura pública de constitución de sociedade de data 30 de xuño de 2000 autorizada polo notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao, co Número 1257 do seu protocolo, que figura na documentación do expediente número 3928- 335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a proba do Campionato do Mundo Hípico de salto de Obstáculos que se vai celebrar en Vigo entre o 10 e o 13 de Febreiro de 2011, é unha das probas pertencente ó Campionato do Mundo de saltos, que é a competición de maior importancia na modalidade, contando coa participación dos mellores xinetes e amazonas do mundo, e que a convirte no referente da modalidade a nivel mundial, tanto para os afeccionados como para os visitantes da nosa cidade, e convertindo daquela tamén á cidade de Vigo nas datas de celebración nun referente deportivo e cultural.

II.- Que Servicios Hípicos Hipigal S.L. é a entidade que ven organizando este Campionato de talla internacional en diferentes ocasións, cumprindo coas peculiaridades técnicas e especificidades a nivel organizativo do Campionato e das actividades culturais e folclóricas paralelas ó mesmo. Asemade Servicios Hípicos Hipigal S.L. é a única que ten a capacidade organizativa para desenvolver as actuacións previstas no seu proxecto e as autorizacións Internacionais.

III.- Que ademais da realización global do evento Copa do Mundo de Hípica, Servizos Hípicos Hipigal, S.L. propuxo a esta Administración municipal a realización, con ocasión do devandito evento, dun programa de animación sociocultural vencellado coa cultura folclórica galega, integrado por unha serie de actuacións culturais que complementarían a actividade deportiva co espectáculo; programa que estaría necesitado para a súa realización dunha subvención municipal de 10.000,00 €.

IV.- Que a realización do dito programa cultural con ocasión do concurso hípico presenta, por todo canto o que vai dito, un gran interese público e cultural, habida conta o marco no que se produciría e a difusión, proxección e o alcance que adquiriría o evento; razóns estas, que xustifican a concesión da subvención solicitada. Doutra parte, toda vez que as razóns que xustifican a concesión da subvención son, precisamente, as relacionadas coa repercusión pública do evento deportivo organizado pola oferente da actividade cultural e solicitante da subvención, no que se inserirían as ditas actividades culturais, procedería a súa concesión directa, ao abeiro do artigo 19. 4. c) LSG ao non ser posible promove-la concorrencia.

V.- Que, toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou

outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar á financiación do proxecto "Actividades culturais, de animación e folclóricas con ocasión da celebración da Copa do Mundo de Hípica 2011" que se desenvolverá na cidade de Vigo entre os días 10 eo 13 de febreiro de 2011.

VI.- Que Servicios Hípicos Hipigal S. L. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente instruído para a conclusión do presente convenio.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, cultural e social que para a cidade de Vigo ten o devandito proxecto cultural a desenvolver por Servicios Hípicos Hipigal S. L., con ocasión da celebración da Copa do Mundo de Saltos de Hípica, o Concello de Vigo e a dita entidade Servicios Hípicos Hipigal S. L. conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Servicios Hípicos Hipigal S. L., a concellería de Animación socio-cultural do Concello de Vigo, comprométese a colaborar no desenvolvemento das actividades culturais e folclóricas vencelladas á Proba do Campionato Hípico do Mundo de saltos de obstáculos presentado e, concretamente, servicios Hípicos Hipigal S.L comprométese a:

1º- Organizar as actividades culturais e folclóricas vencelladas ao proxecto "Concurso Hípico de saltos Internacional CSI Copa do Mundo de Hípica" que se vai celebrar en Vigo, entre o 10 e o 13 de febreiro de 2011, conforme ao proxecto xeral presentado.

2º- Cumprir os compromiso que se asinen coa Fundación IFEVI, xestora do recinto Feiral, sobre a utilización do recinto feiral de Cotogrande.

3º- Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.

4º- Facilitar o acceso a persoas con minusvalías físicas ó recinto feiral, tendo en conta a gratuidade para dito colectivo.

5º- Desenvolver o programa de actividades de animación a través de actuacións vinculadas co folclore galego, presentado ao Concello.

6º- Todos os medios de difusión e promoción deberán empregar o galego como idioma cooficial da proba. Así mesmo, na instalación onde se celebren os eventos culturais figurará en lugar visible publicidade da Concellería de Cultura e Animación Socio-cultural-Concello de Vigo.

7º- A organización porá a disposición da Concellería de Cultura e Animación Socio-Cultural invitacións para promover o evento.

8º- Responder da veracidade dos datos da solicitude.

9º- Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L. na realización dos trámites necesarios ante o Concello de Vigo para a realización das actividades culturais e folclóricas que integran o proxecto presentado ao Concello, vencelladas ao evento deportivo "Campionato do Mundo de Saltos" que se vai celebrar en Vigo entre o 10 e o 13 de Febreiro de 2011 a Servicios Hípicos Hipigal S.L.

2º.- Colaborar coa beneficiaria ante a Fundación IFEVI nos trámites necesarios a cesión das instalacións do recinto Feiral de Cotogrande para a celebración das actividades culturais no marco do Concurso Hípico CSI-Copa do Mundo- do ano 2011 durante as datas necesarias para as labores de preparación, celebración e desmonte de todos os requirimentos das devanditas actividades.

3º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L., (revista, web, etc).

4º.-Conceder directamente á entidade Servicios Hípicos Hipigal S.L. unha subvención por importe de 10.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado para a celebración destas actividades culturais, de animación e folclóricas, con cargo as partida do orzamento vixente 3380.470.0000 "Transferencias empresas privadas". .

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria poderá subcontratar totalmente con terceiros a actividade subvencionada co cumprimento das condicións previstas no apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexto.- A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente para a realización das actividades culturais e folclóricas a desenvolver durante a celebración da "Copa do Mundo de Salto de Obstáculos de Vigo 2011".

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional da Concellería de Animación Sociocultural, en calquera actividade ou evento relacionado co concurso, na carteleira e demais material gráfico elaborado aos efectos, segundo os criterios de ambas Concellerías.

Oitavo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vencellados ao proxecto do presente convenio terán que cumprir as seguintes especificidades:

- As facturas e documentos xustificativos de valor equivalente, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.
- Nos documentos xustificativos dos gastos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural . O xefe do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural, e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura e Animación socio-cultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura e Animación socio-cultural do Concello de Vigo.

Décimo Sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2011.

4(138).- CONTRATO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL S.L., PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA INTERNACIONAL DA CIDADE NO ÁMBITO DA HÍPICA E DE DIFUSIÓN DO PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA DE VIGO. DISPOSICIÓN DO GASTO. EXPTE. 3807/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Turismo, do 7.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Industria, Turismo e Cascos Históricos, co informe do letrado asesor do 10.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 10.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro: Aprobar o texto do contrato que se achega neste expediente, entre o Concello de Vigo e Servicios Hípicos Hipigal SL, para a realización de actuacións de promoción turística internacional da cidade no ámbito da hípica e de difusión do Plan de competitividade turística de Vigo, -consonte coa proposta da Comisión de seguemento do mesmo aprobada na sesión do 29 de novembro de 2011-, durante a “Copa do Mundo de Salto de Obstáculos Rolex-FEI”, CSIW Vigo 2011.

Segundo: Aprobar a disposición do gasto por importe de 300.000€, (trescentos mil), con cargo á partida: 43202279906 (plan de competitividade turística de Vigo) do vixente presuposto, e adxudicar o contrato de “Patrocinio publicitario do Plan de Competitividade Turística de Vigo, turismo urbano e de ría”, polo procedemento negociado sen publicidade, ao concorrer o suposto previsto no Art. 154.d da Lei de contratos sector público, á entidade mercantil “Servicios Hípicos Hipigal” S.L., CIF: B-36873354, por un prezo total (IVE engadido), de 300.000€ (trescentos mil euros), en concepto de contratación do patrocinio publicitario do CSIW Vigo 2011, para promocionar Vigo turísticamente a nivel internacional. O pagamento realizarase na conta 2091-0511-35-3040028470 de dita entidade.

Terceiro: Habilitar o Concelleiro delegado da área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, D. Santiago Domínguez Olveira, para asinar este contrato.”

CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO PLAN DE COMPETITIVIDAD TURÍSTICA DE VIGO NO CSIW Vigo 2011, PARA PROMOCIONAR VIGO NO ÁMBITO INTERNACIONAL.

Por parte do Concello de Vigo:

- O D. Santiago Dominguez Olveira, na súa calidade de Concelleiro delegado da área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con domicilio social en Vigo, praza do Rei s/n , na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área, en calidade de administración xestora do “PLAN DE COMPETITIVIDAD TURÍSTICA DE VIGO”, que no presente contrato se denominará O CONCELLO.

Por parte da Entidade Servicios Hípicos Hipigal:

- o D. Manuel María Fernández de Sousa-Faro, como representante legal de Servicios Hípicos Hipigal S.L, CIF nº B-36873354 e enderezo social na rúa CM Roade, 72, en Vigo 36208;

representación que resulta da escritura pública de 30 de xuño de 2000, autorizada polo Notario de Vigo Don Mariano Vaqueiro Rumbao, co número 1527 de orde do seu protocolo, que figura na documentación do expediente, que en adiante se denominará A EMPRESA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense con capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato, que rexerá de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

OBJECTO DO CONTRATO

Primeiro.- O CONCELLO contrata os servizos da EMPRESA para o deseño, organización e execución das actuacións de patrocinio publicitario do CSIW Vigo 2011 para a promoción internacional de Vigo como destino turístico, no ámbito da hípica internacional. A EMPRESA comprométese a realizar as seguintes actuacións:

1. Deseño, organización e execución do Trofeo Vigo, turismo urbano e de ría, recreación virtual da Porta do Sol nos accesos ao recinto do hípico, stand do Plan de Competitividade no village e actuacións de publicidade estática e dinámica do Plan de competitividade turística de Vigo durante a “Copa do Mundo de Salto de Obstáculos Rolex-FEI” CSIW Vigo 2011, segundo a memoria adxunta.
2. Asunción das responsabilidades derivadas da organización do evento, especialmente as de seguridade, coa cobertura dunha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente para importancia do mesmo.
3. Inclusión, en todas as actividades que se desenvolvan dentro do Concurso Hípico, con independencia do patrocinio da actividade concreta de que se trate, nun lugar preferente e visible dos logotipos de TURESPAÑA; SECRETARIA XERAL PARA O TURISMO da XUNTA DE GALICIA, CONCELLERÍA DE TURISMO DEL CONCELLO DE VIGO e FEPROHOS así como a lenda “Plan de competitividade turística de Vigo, turismo urbano e de ría”, tanto nos medios especificamente descritos na memoria adxunta como na publicidade xeral do evento.

VIXENCIA

Segunda.- A vixencia deste contrato será efectiva desde o momento da súa firma e entrega de copia á EMPRESA, debidamente firmada e selada en todas as suas follas.

PRAZO

Terceira.- As actuacións promocionais se desenvolverán necesariamente desde o momento da firma do contrato ata o 31 de decembro de 2011.

PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Cuarta.- A EMPRESA percibirá unha retribución de TRESCENTOS MIL EUROS (300.000.€), incluído o 18% de IVA , en concepto de deseño, organización, execución e distribución da actuación promocional de Vigo no eido da hípica e dos grandes eventos, contida no “Plan de Competitividade Turística de Vigo, turismo urbano e de ría”, estes conceptos inclúen o equipo técnico e humano e todas as actuacións e conceptos necesarios para realizala; e co obxecto de coadxuvar á actividade da “Copa do Mundo de Salto de obstáculos” que se realizará en Vigo no ano 2011.

O pago realizarase a través de transferencia bancaria a conta da EMPRESA número 2091-0511-35-3040028470, ao día seguinte da finalización do evento, e contra a entrega de factura conforme cos

requisitos que establece o Real Decreto 1496/2003 de 28 de novembro que deberá de conformar o Servizo municipal de turismo e comercio, como responsable do seguimento do contrato.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

O presente contrato deberá de estar debidamente firmado en todas as súas follas e en poder da EMPRESA antes do inicio do evento.

Quinta.- Será a cargo da EMPRESA todos os gastos que se xeren como consecuencia da realización da organización, xestión, pago de dereitos, taxas e prezos públicos derivados dos permisos necesarios para levar a cabo o evento, así como as gravacións nos lugares e datas do evento e a edición da publicidade contratada en tres idiomas: galego, castelán e inglés.

Sexta.- A EMPRESA obrígase a no permitir a entrada ao evento a persoa ningunha que no leve localidade, pase ou invitación.

PERMISOS

Sétima.- A EMPRESA como organizadora do evento responsabilízase da obtención dos permisos que sexan legalmente necesarios ou mesmo aconsellables para un correcto, seguro e impecable desenvolvemento do evento, a xuízo do CONCELLO.

PROMOCIÓN E IMAXE

Oitava.- O CONCELLO non poderá comercializar, por si mesmo ou a través de terceiros, mercancías ou produtos vinculados ao evento obxecto deste contrato, utilizando a imaxe ou nome do mesmo, sen o consentimento expreso da EMPRESA.

A EMPRESA obrígase á difusión do evento en festivais, televisión, canles temáticas e eventos relacionados dos elementos promocionais de Vigo acordados.

Novena.- A EMPRESA obrígase mediante el presente contrato á gravación en vídeo e reprodución fotográfica do evento, coa fin de informar aos medios de comunicación e realizar as actividades promocionais contratadas, así como para que o CONCELLO poida usalas posteriormente na súa asistencia a feiras e eventos turísticos, así como en TV municipais ou semellantes.

O CONCELLO poderá obter copia de calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo o calquera outro medio de gravación para fines municipais solicitándollo A EMPRESA.

Décima.- A EMPRESA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas, acordos de emisión e entrevistas cos medios de comunicación e mesmo con entidades e persoas vinculadas coa hípica, para garantir a promoción publicitaria de Vigo como destino turístico.

Disporá de fotografías e audiovisuais suficiente e en copias de calidade, a fin de atender estes compromisos e aportar ao CONCELLO unha copia, para que poda usala unha vez concluído o evento para usos turísticos.

PUBLICIDADE

Décimo primeira.- A EMPRESA comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de escoller entre tres modelos e propostas de ubicación de cada un dos elementos publicitarios que deberá de presentarlle a EMPRESA, o da súa

preferencia , con antelación suficiente para presentarlo á Comisión de seguimento del Plan de Competitividade Turística de Vigo, turismo urbano e de ría, cunha antelación mínima de dous días.

No caso de que O CONCELLO queira engadir publicidade propia en calquera soporte, a EMPRESA deberá de xestionar e contar coa anuencia por escrito, dos seus autores. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias estáticas, sonoras e /ou audiovisuais.

PATROCINIOS

Décimo segunda.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeneral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de exhibir publicidade ou anagramas súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e contornas, en colaboración coa EMPRESA.

Décimo terceira.- O CONCELLO poderá realizar todo tipo de difusión das actividades promocionais que se contratan e executan coa empresa no CSIW Vigo 2011, unha vez rematado o evento.

INSTALACIÓNS

Décimo cuarta.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de desenvolvemento das actuacións estarán en perfecto estado de dispoñibilidade para realizar as actuacións contratadas, seguindo as obrigas e condicións definidas que asumirá A EMPRESA

RESOLUCIÓN

Décimo quinta- O contrato pódese resolver por calquera das partes, por forza maior ou por causa de incumprimento grave das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez notificada por escrito e pasados quince días desta notificación.

Décimo sexta.- Solo en casos de forza maior xustificada que lle impida executar os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A EMPRESA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A EMPRESA non percibirá cantidade ningunha pactada no presente contrato.

Décimo sétima.- O Concello non asume respecto á empresa ningunha outra obriga ou compromiso, que non estea indicado expresamente neste contrato ou nos seus anexos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Décimo oitava.- Consonte co establecido no art. 26.1 d) e no disposto no art.20.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público faise constar que o presente contrato ten a consideración de contrato privado e se rexerá, en canto a súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola citada Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose de xeito supletorio as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado. En cuanto aos seus efectos e extinción, rexerase polo dereito privado.

SUMISIÓN

Décimo novena.- As partes contratantes someteranse aos tribunais da xurisdición que corresponda a Vigo, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivar con motivo da interpretación do presente contrato.

E en proba de conformidade, firman as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.42 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.